

ACTA NÚMERO 06/09
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO, COMISIÓN DE CENTROS DE
ATENCIÓN PRIMARIA E UNIDADE DE PREVENCIÓN DE RISCOS
LABORAIS

ASISTENTES

POLA DIRECCIÓN:

D. JAVIER CARAMÉS CASAL
D. BERNARDINO VÁZQUEZ ABAL
D^ª. PILAR RIBEIRO MARTINEZ
D^ª. ANA MARIA CAPDEVILA ARGÜELLES
D. JUAN CARLOS FUEGO LOMBARDEO
D^ª. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO
D^ª. BELEN VAZQUEZ PACHECO

POLA COMISIÓN DE CENTROS:

D. XOSE LOIS MARTINEZ FEDZ-CSI-CSIF
D. CARLOS VARELA VIGO- CSI-CSIF
D^ª HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CESM
D. MANUEL NIETO PEREIRA-CESM
D^ª. CARMEN GARCIA RIVAS-SATSE
D^ª. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-SATSE
D^ª. ALASNE ACHALANDABASO CUBA-UXT
D^ª. ARACELI LOUREIRO SOUSA-CC.OO.
D^ª. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS
D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA-CIG
D^ª. MANUELA FRAGOSO ULLA- SAE
D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-OMEGA
D^ª PURIFICACIÓN VILLAR DE TORO-SGPS

POLA UNIDADE DE PREVENCIÓN DE RISCOS

D^ª. M^ª CARMEN LOUREIRO VILARIÑO
D^ª ISABEL TABOADA DE ZUÑIGA ROMERO
D. LUIS ALBERTO PÉREZ ALVARELLOS
D. JOSÉ CUEVAS RAPOSO

En Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de outubro de dous mil nove, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

- 1.- Aprobación da acta anterior.
- 2.- Prazas Plan Mellora do ano 2.008 e 2.009: información sobre o desenvolvemento do Plan. Prazas cubertas, pendentes, reconversión de prazas entre categorías, etc. Perspectivas de futuro do Plan. Prazas pendentes de Auxiliar de Enfermería en A Guarda e Lavadores e de Hixienista en Teis.
- 3.- Consultas de tabaquismo e ecografías: estábanse realizando en base a prolongacións de xornada. Se estas desaparecen, ¿qué vai suceder coas consultas?.
- 4.- Previsións desta Xerencia en relación cos novos centros de saúde da área de Vigo.
- 5.- Situación da UAP e PAC de Bolivia: non reúne as condicións necesarias para a prestación de servizos. ¿Ten esta Xerencia algunha alternativa ao mesmo?.
- 6.- Sobrecarga en Bolivia cando falta un facultativos: cando se produce a ausencia dalgún facultativo no PAC de Coia é práctica habitual desta Xerencia desprazar un dende o PAC de Bolivia o que xenera problemas e sobrecarga neste último PAC.
- 7.- Xestión de pedidos no PAC de Vigo: sempre falta material, especialmente no PAC de Coia. Información sobre as causas e posibles solucións por parte desta Xerencia.
- 8.- Información sobre os cambios nos postos directivos desta Xerencia.
- 9.- Cambios nas axendas de citación: estanse detectando alteracións da estrutura das mesmas, concretamente estanse a cambiar os reservados as citas administrativas por demanda.
- 10.- Central de chamadas de Vigo: previsión de futuro.
- 11.- Informática: criterios que se utilizan á hora de renovación de equipos informáticos; formación do persoal voluntario do PAC na historia clínica electrónica e información sobre a implantación da receita electrónica (e-receta).
- 12.- Gripe A, ¿existe algún plan de actuación fronte a gripe A na Xerencia de Atención Primaria?.
- 13.- Envío de comunicacións desta Xerencia á Comisión de Centro a as organizacións sindicais compoñentes da mesma.

Aproveitando a asistencia dos membros da Unidade de Prevención de Riscos Laborais abordamos en primeiro lugar o punto 12 e logo o punto 5 da orde do día..

PUNTO 12.- GRIPE A, ¿EXISTE ALGÚN PLAN DE ACTUACIÓN FRONTE A GRIPE A NA XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA?

A UPRL informa aos delegados de prevención e a comisión de Centro das medidas de prevención encamiñadas a que o risco dos traballadores non sexa superior ao risco da comunidade. Vaise dar información directa os traballadores.

SATSE E CEMS: ¿están identificados os centros nos que se poder facer cribase e consulta específica de gripe e en cales non?

XERENCIA: Si.

CEMS: Pensouse en poñer reforzo de enfermería para facer a cribase en centros con pouco persoal.

XERENCIA: Non se considera efectivo dedicar un reforzo de enfermería nesta cribase, pénsase nun cartel coa indicación ao usuario.

CEMS: ¿Hai algún procedemento para que os usuarios no vaian ao centros a buscar os partes de IT?

XERENCIA: Non houbo ningún cambio por parte do Ministerio de Traballo, polo que o procedemento non cambia.

UPRL (Dra. Taboada de Zúñiga): Solicita a colaboracións dos delegados de prevención para promover a vacina da gripe estacional e que o persoal especialmente sensible e embarazadas soliciten a valoración urxente no impreso contido na Orde de 16 de setembro de 2008 (DOG 189) pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

CC.OO.: Nos mostradores de citas ¿tívoise en conta poñer barreiras, como mamparas?

UPRL: As recomendacións do informe son para xa, a colocación de mamparas necesita un estudo pormenorizado pero non sería algo específico respecto a gripe A.

5.- SITUACIÓN DA UAP E PAC DE BOLIVIA: NON REÚNE AS CONDICIÓNES NECESARIAS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS. ¿TEN ESTA XERENCIA ALGUNHA ALTERNATIVA AO MESMO?

XERENCIA: Non está de acordo coa afirmación.

UPRL: Respecto aos incendios a pregunta é si cumpre a normativa. A normativa que ten que cumprir á a vixente no momento da construción e hai que adapta-la a normativa vixente no caso de cambio de uso. Fíxose un estudo para ver si se pode adoptar a normativa do ano 1996, (que non é obrigatorio aplicar) e o que habería que facer é colocar dúas portas nos corredores e tabicar una porta.

CEMS: Hai unha única porta de entrada e saída, aparte da normativa de incendios hai que avaliar as condicións de traballo.

UPRL: Non todos os locais públicos teñen dúas portas, segundo a superficie do local pódese adaptar a normativa do ano 1996, aínda que non é obrigado.

CIG: A Comisión de Centro di que o Centro de Saúde de Bolivia non cumpre as condicións para a prestación de servizo, non que non cumpre a normativa. O que queremos saber é si a Xerencia ten previsto facer algo para cambiar as condicións.

XERENCIA: Alternativa é o edificio do Hospital Xeral cando esté o novo Hospital, aínda que non se descartan solucións intermedias.

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

A aprobación das actas 4/9 e 5/9 pendentes para a próxima reunión.

2.- PRAZAS PLAN MELLORA DO ANO 2.008 E 2.009: INFORMACIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PLAN. PRAZAS CUBERTAS, PENDENTES, RECONVERSIÓN DE PRAZAS ENTRE CATEGORÍAS, ETC. PERSPECTIVAS DE FUTURO DO PLAN. PRAZAS PENDENTES DE AUXILIAR DE ENFERMERÍA EN A GUARDA E LAVADORES E DE HIXIENISTA EN TEIS.

XERENCIA: Entrégase documentacións sobre a situación das prazas do Plan Mellora 2007-2009.

O Plan Mellora está pendente de revisión unha xuntanza coa Comisión de Seguimento.

Por problemas de presuposto non se poder abordar a cobertura das prazas pendentes, xa que non están respaldadas presupostariamente.

CEMS: Prazas de médicos que se amortizaron para crear outras categorías ¿como está o tema?

XERENCIA: No cadro está reflectido as amortizacións e a idea era que se adiantaban a cobertura de outras prazas e posteriormente reconverteríanse.

CC.OO.: Dúas prazas que non son vacantes e que no están cubertas (Ponteareas e Coia).

XERENCIA: Está prevista a cobertura polo procedemento de mobilidade, que non está finalizado, hai dúas persoas que están pendentes de baremar por unha decisión que se tomará no seo da comisión de centro.

CC.OO.: Respecto a prazas como auxiliar de enfermería que xeran vacantes por xubilación, había un compromiso de reubicar as prazas noutros lugares. Había catro prazas de auxiliar de enfermería por xubilación: cubríronse dúas, unha no Val Miñor e outra na Guarda. Quedan dúas ¿que vai a pasar?

XERENCIA: Revisarase o tema.

3.- CONSULTAS DE TABAQUISMO E ECOGRAFÍAS: ESTÁBANSE REALIZANDO EN BASE A PROLONGACIÓNS DE XORNADA. SE ÉSTAS DESAPARECEN, ¿QUÉ VAI SUCEDER COAS CONSULTAS?

COMISIÓN DE CENTRO: Si desaparecen as prolongacións ¿que vai pasar coas consultas? ¿Está suprimida a do centro de saúde de Rúa Cuba, da Dra. Felisa Domínguez Grandal?

XERENCIA: Non desaparecen as prolongacións, desaparecen os programas especiais porque non se poden renovar o ano que ven. Con cargo a programas especiais estábanse realizando ECOS (Cangas), tabaquismo (Rúa Cuba, Gondomar e Salvaterra do Miño). Comunicouse aos profesionais que teñen que ir dando a alta aos pacientes, xa que é unha actividade que terían que desenrolar o propio enfermeiro e médico. Ofrecéselles asumi-los pacientes de outros médicos na súa actividade normal, bloqueando a consulta nese horario.

CEMS: ¿Como se transmitiu aos profesionais?

XERENCIA: Falouse co xefe de servizo e o profesional.

CEMS: Consideren que é un error eliminar estas consultas e ademais terían que haberse chamado ao profesional e preguntarlle a situación e chegar a un acordo para estruturar o peche dunha consulta e non facelo dun día para outro.

CIG: Hai poucos días que algún profesional non sabía que se ía a pechar a consulta. Dicar que se pode facer o traballo en horario normal é unha falta de respecto hacia o profesional e en aras do aforro unha merma de calidade de Atención Primaria.

XERENCIA: O único que se pretende é que o tabaquismo se aborde dende cada consulta médica e de enfermería, ese non quita que profesionais que teñen formación específica neste campo podan realizar esa labor en xornada ordinaria, de feito en Ponteareas o Dr. Liñares Stolle ven facendo así dende fai moitos anos.

CSIF: As ecografías como van quedar, ¿desaparecen, faranse en xornada de mañá?

XERENCIA: Faranse en xornada ordinaria.

4.- PREVISIÓNS DESTA XERENCIA EN RELACIÓN COS NOVOS CENTROS DE SAÚDE DA ÁREA DE VIGO.

XERENCIA:

- Bouzas: estase redactando o proxecto.
- Sampaio de Navia: en construción. A construtora ten o compromiso de entregar o edificio nun ano para ser recepcionado pola Consellería.
- Centro de Especialidades de A Doblada: pasará a Atención Primaria no momento en que se faga efectivo o novo hospital.

Ademais, hai un potencial crecemento en Rosalía de Castro si se despraza a Xerencia a algún dos edificios que quedarán libres co novo hospital.

CEMS: Respecto o PAC de Bolivia, a Xerencia vai seguir coa idea da anterior Xerencia de traslada-lo ao Nicolás Peña.

XERENCIA: Neste momento o Nicolás Peña non dispón de espazo.

CC.OO.: Hai outros centros, ademais dos dous centros de saúde, que figuraban no programa do Partido Popular: Seara, Calvario e Balaídos. Enténdese que xa no se vai levar a efecto.

XERENCIA: Non, está pendente de que se desenvolvan os PERI e en función de eles decídese poñelos ou non. Hoxe é implantexable urbanísticamente, o que se está plantexando aquí é realista.

6.- SOBRECARGA EN BOLIVIA CANDO FALTA UN FACULTATIVOS: CANDO SE PRODUCE A AUSENCIA DALGÚN FACULTATIVO NO PAC DE COIA É PRÁCTICA HABITUAL DESTA XERENCIA DESPRAZAR UN DENDO O PAC DE BOLIVIA O QUE XENERA PROBLEMAS E SOBRECARGA NESTE ÚLTIMO PAC.

XERENCIA: A vontade da xerencia é que sexa a excepción que eso suceda, pero en ocasións pode acontecer. Revisados os casos producíronse un en agosto e un en setembro, nunca se utiliza como algo programado.

7.- XESTIÓN DE PEDIDOS NO PAC DE VIGO: SEMPRE FALTA MATERIAL, ESPECIALMENTE NO PAC DE COIA. INFORMACIÓN SOBRE AS CAUSAS E POSIBLES SOLUCIÓNS POR PARTE DESTA XERENCIA.

XERENCIA: Polo protocolo de actividade hai un responsable de subministros no PAC. O subministro os PAC fanse todas as semanas.

COMISIÓN DE CENTRO: ¿É un único almacén?

XERENCIA: De momento non, pero aínda que sexa un único almacén a figura do responsable de subministros ten que existir e ten que funcionar.

8.- INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS NOS POSTOS DIRECTIVOS DESTA XERENCIA.

Preséntanse o Director Asistencial, Bernardino Vázquez Abal, o Director Médico de Atención Continuada, Juan Carlos Fuego Lombardero, a Directora Médica, Ana María Capdevila Argüelles e comunicase que Belén Vázquez Pacheco e a nova Directora de Enfermería..

CC.OO.: Solicita que se lle envíe a comunicación por escrito dende a Xerencia a Comisión de Centro e pregunta si se vai poñer Subdirección de Enfermería.

XERENCIA: É algo que compete a xerencia e cando se produzan cambios comunicaranse.

SATSE: Desaproba a postura da Xerencia de suprimir a Subdirección de Enfermería e o resto da Comisión de Centro únese a esta postura.

9.- CAMBIOS NAS AXENDAS DE CITACIÓN: ESTÁNSE DETECTANDO ALTERACIÓNS DA ESTRUCTURA DAS MESMAS, CONCRETAMENTE ESTANSE A CAMBIAS OCOS RESERVADOS AS CITAS ADMINISTRATIVAS POR DEMANDA.

XERENCIA: Necesitamos saber que axendas se cambiaron para velas, xa que os cambios estruturais son consensuados co profesional. Si é verdade que poder haber, na citación, trocos de actos.

10.- CENTRAL DE CHAMADAS DE VIGO: PREVISIÓN DE FUTURO.

XERENCIA: A situación de momento é a mesma, non houbo ningún avance cara a central externa. A situación da central de chamadas de Coia é a que é.

11.- INFORMÁTICA: CRITERIOS QUE SE UTILIZAN Á HORA DE RENOVACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS; FORMACIÓN DO PERSOAL VOLUNTARIO DO PAC NA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA E INFORMACIÓN SOBRE A IMPLANTACIÓN DA RECETA ELECTRÓNICA (E-RECETA).

XERENCIA: Hai un concurso centralizado pendente de adxudicación de material informático e continuarase coa renovación dos equipos nos centros de saúde.

COMISIÓN DE CENTRO: Hai categorías que herdán equipos de outra, cando hai renovación.

XERENCIA: Primeiro criterio: equipos persoal facultativo, para ver imaxes necesitan unha capacidade maior. Cando arranque a historia clínica electrónica pónense todos os equipos e soamente nun centro a cinco persoas, púxoselles equipo de outros profesionais para poder arrancar, cando se fixo a implantación non estaba resolto o concurso.

SATSE: ¿Que centros están informatizados?

XERENCIA: Facilitarase.

XERENCIA: Receita electrónica si as farmacias de Vigo están preparadas:

2/11 Casco Vello

9/11 Rúa Cuba

16/11 A Doblada

23/11 Nicolás Peña

25/11 Bolivia

30/11 Pintor Colmeiro

30/11 O Porriño

9/12 Rosalía de Castro

15/12 Beiramar

Resto de programación do 2010: López Mora, Matamá e Coruxo, etcétera.

CC.OO.: Hai queixas do persoal administrativo porque no programa de cita o tempo de resposta está moi lento ¿é algo puntual?

XERENCIA: É puntual. A carga de datos de salas de gripe e salas de gripe A produxo un colapso.

CC.OO.: Enfermería di que en Atención Primaria non hai acceso a Internet. A petición é que haxa acceso de Internet nos centros.

XERENCIA: Nas bibliotecas da maioría dos centros teñen a internet, onde se dan situacións máis dispares é no rural.

CEMS: Solicita para a próxima reunión cal é a previsión de implantación da internet.

XERENCIA: Formación de voluntarios dos PAC: só hai un centro que é piloto, Cangas. A formación faise de acordo coa planificación do centro.

13.- ENVÍO DE COMUNICACIÓNS DESTA XERENCIA Á COMISIÓN DE CENTRO A AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS COMPOÑENTES DA MESMA.

COMISIÓN DE CENTRO: Había un acordo de que as comunicacións se transmitiran a todos os integrantes da Comisión de Centro.

XERENCIA: As actas enviáronse a todos. O procedemento que se seguiu foi o establecido, pero mandaranse tamén as convocatorias.

Remata a reunión as once horas e cincuenta minutos do día sinalado.